



## Ponte enoturístico na comarca de Verín-Monterrei

**Verín, 22 de novembro de 2011.** A Asociación da Ruta do Viño Monterrei, en colaboración co Concello de Verín e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei, elaborou paquetes especiais de enoturismo para a ponte da Constitución, destinados a que os/as visitantes se aproximen a Verín nestas datas co obxecto de coñecer de modo integral un destino con múltiples posibilidades: paseos por viñedos, visita a adegas, degustación da gastronomía da zona, adquisición de produtos típicos e visitar o patrimonio natural e histórico-artístico da comarca de Verín-Monterrei.

Entre as ofertas propostas do 3 ao 8 de decembro, durante a ponte da Constitución, atópanse as seguintes:

### *A) Aloxamento*

#### **1. Escapada enolóxica a Monterrei**

- Aloxamento no pazo **O Retiro do Conde** (Estrada de Albarellos nº 2 - 32618 Vilaza – Monterrei.

Teléfono / Fax: 988-418123. Móbil:608-342667. Mail: [pazo@oretirodoconde.com](mailto:pazo@oretirodoconde.com))

- Os prezos para dúas persoas son:

- 2 noites 135 € (AD) // 210 € (MP)
- 5 noites 295 € (AD) // 450 € (MP)
- Cepas elaboradas con produtos de primeira calidade da comarca.

#### **2. Enoturismo na Aldea Rural A Cortiña**

- Aloxamento na **Aldea Rural A Cortiña** (Estrada Pepín, 40 - Pepín -Castrelo do Val. Teléfono: 988-419215. Móbil:645-263522/711. Mail:[a.p.pepin@hotmail.com](mailto:a.p.pepin@hotmail.com))

- O establecemento A Cortiña, que se atopa no municipio de Castrelo do Val, dispón de cheminea, calefacción, piscina propia, xardín-terraza, barbacoa e leña gratuíta.

- Ofrece as seguintes opcións:

- Opción 1 (prezo por persoa en réxime de media pensión): 1 noite (70 €), 2 noites (120 €), 3 noites (180 €) e 6 noites (350 €).
- Opción 2 (prezo por dúas persoas en réxime de media pensión): 1 noite (100 €), 2 noites (180 €), 3 noites (250 €) e 6 noites (450 €).
- Cea incluída / Menú cea 20 €

\* Primeiros: revolto de cogomelos con xamón, espárragos gratinados, pementos recheos de carne ou bacallau ou revolto de espinacas con lagostinos.

\* Segundos: chuletillas de cordeiro, segredo de porco, grellada de carne, linguado á Meniere ou bacallau á portuguesa.

\* Sobremesas: torta de queixo con marmeleiro, crema de iogur ou coulant de chocolate con xeados.

\* Carta de augas de Verín, viños da D.O. Monterrei e café.

### **3. Fin de semana enoturístico en Paradores**

- Aloxamento no **Parador de Verín** (Rúa Castelo s/n 32619 – Monterrei. Teléfono: 988-410075)

- Os prezos son:

- Habitación dobre: 80 € (AD) // 120 € (MP)
- Habitación individual: 70 € (AD) // 95 € (MP)
- As reservas deberán realizarse directamente no Parador indicando que se desexa realizar a reserva desta oferta, a través do número 988-410075 (o número de prazas é limitado)

### ***B) Actividades nas bodegas da Denominación de Orixe Monterrei***

Durante a ponte de decembro, a estancia en calquera destes establecementos ofrece a posibilidade de disfrutar das seguintes actividades en adegas da Denominación de Orixe Monterrei.

#### **1. Visitas adegas ou viñedos (de carácter gratuíto)**

- Abeledos: visita guiada en adega, degustación, regalo botella de vino da D.O. Monterrei (Horario adega: 9-13.30 e 15.30-18 horas. Teléfono: 680-437979. GPS: 41°53'47''N 07°25'56''O).
- Ladaíro: visita aos viñedos, visita guiada en adega e degustación (Todos os días do 3 ao 8 de decembro, sen cita previa. Teléfono: 988 422 757. GPS: 41°54'19''N 07°27'21''O).
- Crego e Monaguillo (Días 7 e 8 de decembro de 10-13.30 e 15.30-20 horas. Teléfonos: 988-418164/699-082280. GPS: 41°55'52''N 07°31'35''O):
  - Opción 1: visita adega e degustación (menos de 6 persoas).
  - Opción 2: degustación viño novo e magosto (a partir de 6 persoas. Confirmar un día antes).
- Quinta do Buble: visita guiada en adega e degustación (Día 7 de decembro de 9-13 e 15-19 horas. Teléfonos: 988-418164/699-082280. GPS: 41°55'52''N 07°31'35''O).

#### **2. Semana do Mexillón e do Viño na adega Terra do Gargalo**

- Visita guiada en adega, degustación, pincho de mexillón (en colaboración coa conserveira Luis Escuris).
- Días laborables: 9-13.30 e 15.30-18.30/ Fin de semana e festivos: 10-13.30 e 15.30-18.30. O prezo é de 8 euros por dúas persoas. É necesario realizar a reserva con antelación. Teléfono: 988-590203. GPS: 41°56'48,08''N 07°27'25,28''O

#### **3. Máis actividades en adega con cita previa (de carácter gratuíto)**

- Vía Arxénte: visita aos viñedos, visita guiada en adega, degustación e cata gratuíta (Teléfonos: 687-409618. GPS: 41°56'07''N 07°29'18''O).

- Tapias Mariñán: visita guiada en adega e cata gratuita (Teléfono: 988-411693. GPS: 41°56'36''N 07°28'03''O).
- Pazo de Valdeconde: visita aos viñedos, visita guiada en adega e degustación (Teléfono: 686-685197, GPS: 41°52'56''N 07°25'51''O).
- Chicheno: visita en adega e degustación (Teléfono: 988-411949. GPS: 41°54'42''N 07°26'35''O).

### ***C) Enoturismo para gourmets***

Os restaurantes asociados a Ruta do Viño Monterrei ofertan menús especiais do 3 ao 8 de decembro, durante a ponte da Constitución:

#### **1. Restaurante Brasil** (Avda. de Castela, 7 – Verín. Teléfono: 988-410249)

- Menú 15 euros por persoa.
- Opción mediodía:
  - Primeiros: pementos recheos de marisco, luras á romana.
  - Segundo: asado de cabrito lechado de Monterrei.
  - Sobremesa: torta de queixo.
  - Café, augas de Verín, viño da D.O. Monterrei.
- Opción cea:
  - Primeiros: salpicón de marisco, zamburiñas na súa cuncha.
  - Segundo: merluza con gambas, bacallau ao forno.
  - Sobremesa: torta de queixo, leite frita.
  - Café, augas de Verín, viño da D.O. Monterrei.

#### **2. Restaurante Gallego** (Estrada de Albarellos s/n - Monterrei. Teléfono: 988-418202)

- Menú 12 euros por persoa.
- Primeiro: sopa de cocido con tropezóns.
- Segundo: cocido galego.
- Sobremesa caseira.
- Viño da D.O. Monterrei.

#### **3. Restaurante Lugano** (R/ Amaro Refojo, 14 – Verín. Teléfono: 988-410391)

- Opción 1 (22 euros por persoa):
  - Primeiro: carpaccio de boi ou zamburiñas á prancha.
  - Segundo: entrecote de boi con trigueiros ou bacallau ao forno.
  - Sobremesa caseira.
  - Viño da D.O. Monterrei.
- Opción 2 (18 euros por persoa) o día 4 de decembro:
  - Prato único: cocido galego.
  - Sobremesa: filloas da Toña.

- Viño da D.O. Monterrei.

#### **4. Restaurante O Candil** (Estrada de Ourense, 33 – Pazos - Verín. Teléfono: 988-411120)

- Menú 15 euros por persoa.

- Opción 1:

- Primeiros: entrantes, pementos recheos, caldo, sopa de peixe, empanada galega.
- Segundos: churrasco de tenreira, croca, raxó, bacallau á portuguesa/costeleta de tenreira.
- Sobre mesa, café.

- Opción 2:

- Prato único: cocido galego.
- Sobre mesa, café.

### ***C) Algo máis que viño***

#### **1. Natureza**

- Parque natural de O Invernadeiro. O Invernadeiro é o corazón dunha ampla zona montañosa practicamente despoboadá. As maiores elevacións encóntranse na serra de Queixa, que ostenta o punto máis alto na estación de montaña de Manzaneda (1.782 m.), e na serra de San Mamede (1.619m.). Desde A Pobra de Trives pódese ascender tamén ata a estación invernal de Manzaneda con múltiples opcións turísticas xa que non limita a súa actividade tan só á tempada de esquí. É o punto de partida de varias rutas de sendeirismo en busca da antiga actividade glaciaria da montaña. A entrada ao parque natural do Invernadeiro é gratuíta, só é necesaria unha autorización de Medio Xestionada dende a Oficina de Información Turística de Verín para este programa.

#### **2. Patrimonio histórico**

- Castelo de Monterrei. Fortaleza Medieval, que constituíu un enclave estratéxico nas guerras con Portugal no século XVII. Nela pódense ver as murallas medievais, a Igrexa do século XIII, a Torre da Homenaxe do século XV e o Pazo Condal do século XVI. Este conxunto residencial e defensivo tivo a primeira imprenta de Galicia. Está composto tamén pola torre das Damas (século XIV), de proporcións máis reducidas e contigua ao pazo. Nesta descansa a galería de columnas con pedras de armas nas pendentes. O castelo ten un triplo recinto amurallado, formando todo un conxunto de evidente interese. Finalmente, o Pazo dos Condes, de estilo renacentista, con grandes galerías de arcos rebaxados e a igrexa de Santa María Gracia, que conserva unha portada lateral de arco oxival con tripla arquivolta profusamente decorada.

- Casa do Escudo. Principal edificio barroco de Verín, coñecida así polo gran brasón (1734) da súa fachada. Dende finais dos noventa, a tamén coñecida como a Casa do Asistente, acolle a Oficina de Turismo, unha sala de exposicións temporais e un albergue de peregrinos da Vía da Prata.

- Capela de San Lázaro. Situada no Barrio de San Lázaro, ao carón da Casa do Escudo, foi construída no século XVI e no seu interior atópase a figura do patrón da vila, San Lázaro.

- Casa dos Acevedo. O edificio, que presenta un pórtico con tres arcos de medio punto, está

construído en pedra e mostra no piso superior dous balcóns, entre os que se atopa un fermoso escudo. Nela hospedouse Felipe el Hermoso, en 1506, nunha viaxe a Galicia.

- Igrexa – Convento Mercedario. Establecida en 1484, polo conde Sancho Fernández de Ulloa, no conxunto de Monterrei. A principios do século XVII, a comunidade mercedaria instalouse en Verín, na praza que leva o seu nome. O conxunto, realizada con pedras procedentes da acrópole de Monterrei, consta de dous partes, unha destinada á comunidade e outra, ao culto. Na parte externa destacan a fachada e a torre, que é de composición barroca. O interior do templo, cunha nave única, acumula o máis relevante patrimonio escultórico da comarca, un coro con cinco retablos, catro deles laterais, e o último situado no presbiterio. A Virxe da Mercede sitúase no centro, culminando nun ático coa imaxe do Deus Pai.

- Igrexa parroquial Santa María A Maior. Construída a principios do século XVII, no seu interior atópase o ‘Cristo das Batallas’, unha das xoias da imaxinería galega, que se atribúe ao escultor Gregorio Fernández.

- Praza García Barbón. Un dos lugares históricos de Verín. José García Barbón (1831-1909), un dos empresarios galegos máis famosos, tras décadas na Habana como emigrante, regresa a Verín para converterse nun mecenas de obras públicas e centros culturais como o Colexio San José (Irmáns La Salle), a construción das instalacións do balneario e hotel de Cabreiroá, restauración da igrexa parroquial ou o santuario dos Remedios, entre outras.

- Praza do Cigarrón. Situada no casco histórico da vila, en honro ao personaxe máis representativo do Entroido de Verín.

- Patrimonio termal: Cabreiroá, Sousas, Fontenova, Caldeliñas e Fonte do Sapo.

### **3. Ocio nocturno**

En Verín existen gran variedade de locais de lecer na zonas da Alameda, Muralla, Irmáns Moreno e Montemaior.